

**DECRETO**

**EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA TC 46-2025. MODIFICACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS DO EXERCICIO 2025, PARA REPARACIÓN DANOS EN TAMALLARES EN PONTE VELLA**

Visto o expediente tramitado para a alteración do plan de investimentos - Modificación Plan de Invetimentos, TC 46-2025 para a debida xestión da obra de reparación de danos en tamallares en Ponte Vella, faise necesaria unha transferencia de crédito polo importe de 20.605,68 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2025, en base ao establecido na Base nº 11 das de Execución.

Consistindo a dita modificación na minoración na aplicación orzamentaria 15300.61100 e C.P. 25XX000004 por importe de 20.605,68 € e no aumento na aplicación 15300.61900 e C. P. 25XX00009 polo mesmo importe atendendo ás circunstancias recollidas na providencia do Excmo. Alcalde Presidente do Excmo Concello de Lugo do 29.09.2025,e na solicitude asinada polo xefe de servizo de infraesturturas , Pablo Funetes Faílde o 11.12.2025, de solicitude de tramitación de modificación do plan de investimentos do exercicio 2025, no que se indica que: *"Visto Proxecto Reparación de danos en tallamares da Ponte Vella de Lugo (Fase 1) (Expte. Ref. 2025/C002/000031)*

*Vista inexistencia de crédito adecuado e suficiente a nivel de vinculación xurídica do programa 153 e no código de proxecto 25XX00009 para darlle cobertura ás obrigas que se derivan do devandito proxecto modificado, así como a dispoñibilidade orzamentaria nas aplicacións que se sinalan a continuación.*

*Proponse a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito, así como a correspondente modificación do Plan de Invetimentos, do seguinte xeito:*

<b>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</b>	<b>C.P.</b>	<b>IMPORTE €</b>	<b>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</b>	<b>C.P.</b>	<b>IMPORTE €</b>
15300.61100	25XX00004	20.605,68 €	15300.61900	25XX00009	20.605,68 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>		20.605,68 €	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>		20.605,68 €

"

Vistos igualmente os documentos e informe que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2102/2025, do 29.12.2025

Tendo en conta que as circunstancias que se poñen de manifesto no informe do servizo de Infraestruturas e dado que ditas modificacións non supoñen unha modificación orzamentaria de competencia plenaria tal e como se regula na base 11 de execución do orzamento que establece que:

*“A determinación específica dos citados proxectos e o seu financiamento virá establecida no Anexo de investimentos, con especificación do investimento que se realizará e o recurso que o financia. As alteracións no Anexo de investimentos deberán ser aprobadas polo Pleno da corporación cos mesmos requisitos que a aprobación do orzamento, **sempre que esas alteracións esixan modificacións orzamentarias de competencia plenaria.** Aos efectos do disposto neste parágrafo, non se entenderá como alteración do Anexo de investimentos a modificación da fonte de financiamento de cada proxecto específico como consecuencia da aparición de recursos financeiros propios derivados do remanente de tesourería ou do alleamento de investimentos, para o que será suficiente a acreditación de tales recursos e a súa aprobación por decreto da Alcaldía.”*

Tendo en conta á súa vez que a base 14ª das de execución do Orzamento Xeral atribúe a competencia para a aprobación dos expedientes de transferencia de crédito á Alcaldía, coa excepción dos que afecten a distintas áreas de gasto e non afecten a créditos de persoal (en aumento e diminución)

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos vía transferencia entre aplicacións da mesma área de gasto e a alteración do plan de investimentos do exercicio 2025 por un importe global de 20.605,68 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P</u>	<u>IMPORTE €</u>

**INTERVENCIÓN**

LVP/mlv

Refª: ispac858410381517175395.doc

Asunto: Decreto aprobación Modificación Plan de Invetimentos TC 46-2025

15300.61100	25XX00004	20.605,68 €	15300.61900	25XX00009	20.605,68 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>		20.605,68 €	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>		20.605,68 €

**SEGUNDO:** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.